


# Tróita

Nº 15

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xuño 2014

## Aprobación definitiva do enlace sur da AP-9



Satisfacción, aínda que con atraso. Así se recibiu no Concello de Oroso a aprobación definitiva da **“Adenda ao proxecto de construción de ampliación da capacidade da autoestrada AP-9. Tramo: Santiago Norte-Santiago sur. Enlace direccional sur, AP-9, PK 55”**, que permitirá construír o agardado enlace sur da AP-9 en Sigüeiro. Así, os vehículos procedentes de Santiago terán saída en Sigüeiro e tamén se poderán incorporar cara o sur de Galicia. O alcalde Manuel Mirás amosa a súa gran satisfacción “aínda que foi unha mágoa que se estiveran case dous anos e medio dándolle voltas a este tema porque o enlace xa podería estar acabado se se tivera cumprido o aprobado polo Consello de Ministros de novembro de 2011”.

Mirás considera que a esta obra “é o resultado dunha loita titánica durante máis de 10 anos pois ata a miña chegada á Alcaldía non se fixera xestión ningunha para conseguir o enlace sur da AP-9. Non había ningún informe, ningunha solicitude nin nada en absoluto. Foi algo que fixemos partindo de cero e negociando cos distintos ministros de PP e de PSOE, ata que Pepe Blanco aceptou incluílo como unha adenda a un proxecto que tampouco o contemplaba”. Mirás cre que “co enlace sur da AP-9 melloraremos a mobilidade dos nosos veciños e os nosos polígonos industriais converteranse na zona empresarial-industrial coas mellores comunicacións de toda Galicia”.



*Mirás: “ata a miña chegada á Alcaldía de Oroso non se fixera xestión ningunha para conseguir o enlace sur da AP-9”*

### Axenda: Xuño

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <p><b>4</b> Teatro. “Queixo e marmelo” (IES Oroso) representan: “Os vellos non deben namorarse”. 17:00 horas. Centro cultural</p> <p><b>4</b> Inicio inscrición Verán Lúdico. Espectáculo “Rony Macarroni” e presentación libro. 18:00 h.</p> <p><b>6</b> Presentación da Liña Verde de Oroso. Centro cultural ás 12 h.</p> <p><b>8</b> Obradoiro de cha-cha-chá do Club Deportivo Alecrín.</p> | <p><b>10</b> Martes Saudables: “Clasificación da Reciclaxe”. 17:00 h. Aula dos Maiores (Sigüeiro)</p> <p><b>11</b> Fin das inscricións nos programas Diververán e Bos Días Cole.</p> <p><b>18</b> Fin inscricións no II Campus de verán de Béisbol</p> <p><b>19</b> Actuación dos alumnos/as do obradoiro municipal de Teatro. Centro cultural de Sigüeiro.</p> | <p><b>20</b> Día do Deporte. Fin de inscrición na primeira quenda do Verán Lúdico. Curso de carretas elevadoras</p> <p><b>23</b> Inicio do II Campus de verán de Béisbol</p> <p><b>27</b> Concerto de Fin de Curso da Aula de Música. 19:00 h. centro cultural de Sigüeiro</p> <p><b>e en xullo...</b></p> <p>II Festival Folclórico “Parque do Carboeiro”</p> |
|---|---|--|



## O Concello porá en marcha un servizo de consulta e incidencias a través do móbil

O Concello de Oroso presentará o venres 6 de xuño o seu **novο servizo** de consultas medioambientais e de comunicación de incidencias no equipamento urbano a través dunha aplicación de móbil. Grazas a esta iniciativa, totalmente de balde, tanto os veciños como as empresas de Oroso poderán beneficiarse das vantaxes que ofrece esta Liña Verde, xa que permite dar resposta a calquera consulta medioambiental plantexada, ademais de servir como canle directo de comunicación das incidencias que se detecten no equipamento urbano do municipio, facilitando a acción do Concello para dar unha pronta resolución á incidencia. Este novo servizo comezará a funcionar ao longo deste mes de xuño



## Oroso é de SúperDivisión



## O Oroso TM fai historia no deporte da comarca co seu ascenso

O Concello de Oroso felicita ao **Oroso TM** Deporte Galego polo seu ascenso á SuperDivisión Masculina de tenis de mesa, un feito histórico xa que é o primeiro club que logra a máxima categoría dun deporte na comarca de Ordes. O concelleiro de Deportes, Luís Rey, di que "o ascenso é froito do bo traballo de toda a familia do tenis de mesa orosán, , comezando polos rapaces que disfrutan con este deporte, seguindo polas súas familias que os apoian e rematando cun extraordinario adestrador como Valeri e unha gran presidenta coma Nuria. Noraboa campións!".



## O Concello de Oroso realiza melloras na escola de Vilacide

O Concello de Oroso está a realizar obras de mellora na escola de Vilacide, concretamente na área de xogos dos cativos. Os traballos consisten na reubicación dalgún dos xogos e na mellora do firme sobre os que se asentan. O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, agarda que os traballos estean rematados en breve.



As obras céntranse na da área de xogos



**CONCERTO  
AULA DE MÚSICA**



**VENRES 27 DE XUÑO  
ÁS 19:00H  
CENTRO CULTURAL**

**OROSO**  
osa cultura

**OROSO**

**APERTURA PISCINA MUNICIPAL 2014  
TRAMITACIÓN CARNÉS DE ABONADO**

A PISCINA MUNICIPAL TEN PREVISTO ABRIR O DÍA 1 DE XUÑO, EN HORARIO DE 11:00 A 21:00 TODOS OS DÍAS

**PREZOS CARNÉS PISCINA:**  
 Nenos/as EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 17 Eur.  
 Maires de 16 anos EMPADROADOS...: 25 Eur.  
 (Familia numerosa desconto 20%)  
 Nenos/as NON EMPADROADOS de 4 a 16 anos...: 24 Eur.  
 Maires de 16 anos NON EMPADROADOS...: 32 Eur.

**PREZOS ENTRADAS:**  
 Nenos/as de 4 a 16 anos...: 1,50 Eur.  
 Maires de 16 anos...: 2,00 Eur.

Requisitos para tramitar o carné:  
 - Xustificante do pago das taxas correspondentes.  
 - Xustificante carné familia numerosa, se é o caso.

Nota:  
 O impreso para realizar o pago obtense a través da páxina web do Concello. (Pinchar en Instalacións Deportivas)

**MARTES SAUDABLES  
CLASIFICACIÓN DA RECICLAXE**



**MARTES  
10 DE XUÑO  
17.00H  
AULA DOS MAIORES  
(Rúa do Campo-Sigüeiro)**

**UN ENTORNO LIMPO E COIDADADO  
DEPENDE DE TODOS**

**OROSO**



## Exhibicións e premios aos mellores deportistas, no I Día do Deporte de Oroso

O Concello de Oroso celebrará o venres 20 de xuño o I Día do Deporte de Oroso, a cabalo do campo de fútbol Lino Balado e do centro deportivo Juanito Amigo de Sigüeiro. O programa comezará ás 16:30 horas coas tradicionais exhibicións deportivas: ximnasia rítmica (16:30), taekwondo itf (16:45), tenis de mesa (17:00), badminton (17:15), baile en liña (17:30), hockey sobre patíns (17:45), patinaxe (18:00), hip-hop (18:15), xadrez (18:30), Oroso Motor Sport (18:45) e zumba (19:00). Paralelamente, no campo de fútbol haberá inchables para os máis pequenos. Ás 20:00 horas, o alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Deportes, Luís Rey, clausurarán as escolas deportivas e entregarán os primeiros premios do Día do Deporte Oroso 2014. Un premio ao mellor deportista da tempada 2013-2014 dos clubs: Itf Taekwondo Oroso, Club Xadrez Oroso, Oroso Tenis de Mesa, Ximnasia Ritmica, Club de Beisbol Leones, Club Patín Oroso, Oroso Fútbol Sala, ED Xuventude Oroso, Sigüeiro FC, SD Deixebre, Oroso Motor Sport, Club Deportivo Alecrín, Tambre Bike e Club Badminton e Club Tambre Golf. Ademais, todos os clubs que tamén conten con escolas deportivas entregarán un segundo premio: mellor promesa 2013-2014.

**DÍA DO DEPORTE  
OROSO 2014**

**DÍA 20 DE XUÑO  
CENTRO DEPORTIVO  
CAMPO DE FÚTBOL**

A PARTIR DAS 16:30  
EXHIBICIÓN DEPORTIVAS

**INCHABLES AS 20:00 CLAUSURA E  
ENTREGA DE PREMIOS**

**ÁS 21:30 FESTA REMATE  
E ACTUACIÓNS MUSICAIS**

COLABORA **EQUIP@T** ORGANIZA **OROSO**

**CURSO CONDUTOR/A DE  
CARRETAS ELEVADORAS**

LUGAR DE IMPARTIÇÃO:  
 Viernes 20 clase teórica: Centro Cultural Fernando Casas e Novoa  
 Cocello de Oroso  
 Sábado 21 clase práctica: Polígono Tambre-Santiago

DATAS: 20 e 21 de XUÑO  
 HORARIO: viernes 16:00 - 20:00 e sábado 9:00 - 15:00  
 DURACIÓN: 20 HORAS  
 (10 horas presenciais)  
 MATRÍCULA: 100 €



**MÁS INFORMACIÓN**  
 Servicios Sociales- Oroso  
 981 68 89 50

**XA PODES FACER A  
PREINSCRIPCIÓN**

RECURSOS **OROSO** formación y trabajo

**Escola de Verán  
2014**



**Tenis de Mesa**

VEN e INFORMATE:  
 Centro Deportivo Juanito Amigo (Sigüeiro)  
 Oficina do Tenis de Mesa - Plaza 0 (luns a viernes de 10:00 a 21:30 h)

O a cualquier hora en:  
[www.oroso.es](http://www.oroso.es)  
[osoc@oroso.es](mailto:osoc@oroso.es)  
<https://www.facebook.com/OrosoTM>  
 636733116 / 666449226

**OFERTA!**  
 Preinscripción gratuita

**II CAMPAMENTO DEPORTIVO**

**MERENDA INCLUIDA** **DATAS 1-31 XULLO**

**PATINAXE HOCKEY** **XIMNAXIA RITMICA** **TENIS DE MESA** **ZUMBA KIDZ** **DANZA** **EXHIBICIÓN** **FÚTBOL SALA**

**TALLERES** **EXCURSIONS** **TAEKWON-DO** **PISCINA** **BADMINTON**

**INFORMATE**  
 TLF. 600218219  
[www.oroso.es](http://www.oroso.es)

**ORGANIZA**  
**DIVER PATIN**

**COLABORAN**



**OROSO**

## Foi noticia...



## A Festa da Troita volve superarse a si mesma

A **XVIII Festa da Troita** volve superar marcas. Máis de 30.000 visitantes demostran a boa saúde da única Festa de Interese Turístico Galego na contorna. O Festival Oroso en Vivo foi quen máis xente congregou, aínda que tamén triunfaron as atraccións da Feira Medieval, a quedada BTT de Tambre Bike e as actuacións de Buxos Verdes, Lembranzas do Tambre, Néboas no Cumio e da Escola de Baile Alecrín.



O alcalde Manuel Mirás entregou os premios do **V Concurso de Tapas**, gañado por Adriana Ferreira, de Tapería O'Martán, coas súas "Boliñas de pataca". Bar Tapas e Bar Manuela completa o pódio.



Centos de nenos/as participaron nos obradoiros, contos e actividades organizadas polo Concello no mes das Letras Galegas. O Programa de Animación á Lectura retomárase en setembro.



Vinte veciños e veciñas lograron o seu Carné de Manipulador de Alimentos, un curso organizado polo Concello e homologado pola Xunta. En xuño habrá un curso de conducción de carretas elevadoras.



## Éxito da Gala da Solidariedade: grazas a todos os colaboradores!

Dende o Concello de Oroso queremos darvos as nosas máis expresivas grazas a todos os que fixéchedes posible o éxito da **I Gala da Solidariedade**: máis de 1.500 quilos de alimentos e produtos de hixiene. E grazas tamén a todos os artistas, entidades, empresas e asociacións que colaboráchedes desinteresadamente.



Os Servizos Sociais de Oroso recolleron máis de 1.500 kg de alimentos e produtos de hixiene